

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de outubro de 2015

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1215).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1216).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUEIRO DE ELEMENTOS DECORATIVOS NAVIDEÑOS. EXPTE.1436/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 27.10.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación celebrada o 27 de outubro de 2015 acordou:

7.- Proposta de Clasificación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos decorativos navideños. (expediente 1436-106).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos decorativos navideños. (expediente 1436-106).” no seguinte orde decrecente:

1.- IMESAPI, S.A. 96,30 puntos.

2.- CREACIONES LUMINOSAS S.L. 71,90 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios materiais ó cales se comprometeu na súa oferta.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 652,60 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1217).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2015. EXPTE. 6709/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 19.10.15, conformado pola concelleira de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 26/06/2015 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da concellería de Igualdade para o ano 2015. A cantidade máxima destinada a este programa é de 64.000,00€ (sesenta e catro mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 "Subvencións da Concellería de Igualdade", do orzamento vixente.

A convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia o día 07/07/2015, rematando o prazo para presentar solicitudes o día 27 de xullo.

No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 58 solicitudes presentadas no prazo estipulado. A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Ás entidades que presentaron unha documentación incompleta, requiríuselles para completar a documentación ou subsanar as deficiencias no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade e D^a Ana García Barrio, funcionaria adscrita ao servizo de Igualdade que actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 17 de setembro de 2015 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión).

Advertidos erros na publicación das Bases da convocatoria no BOP da provincia de Pontevedra nº 128, de 7 de xullo de 2015, procedeuse a subsanalos efectuando as rectificacións que foron publicadas no BOP de Pontevedra de data 5 de outubro de 2015.

A publicación desta corrección de erros non supuxo a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes e, de conformidade co previsto no art. 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común deuse trámite de audiencia por un prazo de 10 días aos interesados/as para que puidesen alegar o que estimasen pertinente. O prazo para presentar alegacións rematou o 17/10/2015 sen que se presentara ningunha alegación.

En base ao anterior, e dado que os erros advertidos tiñan relación co apartado 1 da Base sétima da convocatoria, na que se especifican os Criterios para a concesión da subvención, a Comisión realiza unha nova valoración dos proxectos atendendo ás rectificacións producidas no apartado 1 "Calidade do proxecto e a súa adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula primeira das

bases" da Base sétima da convocatoria, non afectando as valoracións realizadas na sesión do día 17 de setembro de 2015 dos criterios recollidos nos apartados 2, 3 e 4 de dita base sétima. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión onde constan as follas valorativas individuais por cada unha das entidades solicitantes co desglose dos puntos concedidos a cada proxecto así como a relación motivada de entidades excluídas da concesión).

En cumprimento do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á partida 2311.4890000 do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2015 dentro do “Programa específico de subvencións da concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres”, por un importe total de sesenta e catro mil euros (64.000,00 €); constando no anexo I que se achega, a relación de entidades, proxectos e axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instructor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

a) Por non cumprir o requirimento de completar a documentación, ou corrixir as deficiencias, sinaladas na notificación que lle foi enviada polo órgano instructor do procedemento (Base Décimo Segunda):

.- Entidade “Federación Veciñal Eduardo Chao” CIF. G36681708

b) Aqueles que a xuízo da Comisión teñen unha relación e canle máis específica de subvencións con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

.- Entidade “Amaina” G27802818. Proxecto: “Coeducación e prevención de condutas sexuais de risco e prevención da violencia”.

.- Entidade “Asociación Galega para afectados do VIH/SIDA-Agavih”. Proxecto: “Afrontamento para mulleres e xoves seropositivos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS e CONTÍA DAS AXUDAS SOLICITADAS. CONCELLERÍA DE IGUALDADE. EXERCICIO 2015

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	NOME DO PROGRAMA:	1a.Calidade do proxecto. Técnica, coherencia e viabilidade. Max 15 puntos	1b.Incorporación do enfoque xénero. Max. 10 puntos	1c. Impacto, sostenibilidade e innovación. Max. 10 puntos	1.Calidade do proxecto. Apartado b) accións PIOM. Max. 10 puntos	Implicación no proxecto doutras entidades e sectores. Max 5 puntos	2. Traxectoria e grao implicación	3.Participación no Consello da Muller	4. Emprego lingua galega	Puntos concedidos	Custo do proxecto	Contía solicitada	Contía concedida
G15773013	Asoc. Marcha Mundial das Mulleres	Marchando pola Europa coa caravana feminista. IV Acción Internacional.	11,250	6	5	8	2,50	10	0	0	42,750	4.250,00	3.000,00	1.800,29 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Mulleres protagonistas. Historia, arte, cine, cultura... Actívatelo a través do coñecemento	13,125	6	2,5	2	0,00	10	5	0	38,625	1.850,00	1.850,00	1.628,24 €
G36688992	Asoc. Mulleres Cabral Rosalía de Castro	Técnicas para a saúde e relaxación. Chi Kung	11,250	2	2,5	1	0,00	10	0	0	26,750	1.750,00	900,00	900,00 €
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	IV Premio de microrrelatos "Mulleres Progresistas"	11,250	2	7,5	4	0,00	10	5	0	39,750	2.400,00	2.400,00	1.675,16 €
G36662971	Asoc. Mulleres Lúa de Bembrive	Xmnasia	9,375	0	2,5	1	0,00	10	5	0	27,875	2.565,00	1.500,00	1.179,85 €
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Pensar, sentir, actuar: Intelixencia emocional	13,125	0	2,5	1	0,00	10	0	0	26,625	1.800,00	1.800,00	1.127,72 €
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	"Entre sorrisos e bastidores"	11,250	5	2,5	5	0,00	10	3	0	36,750	3.906,73	3.906,73	1.550,03 €
G15383011	Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT	XX Encontro Sindical da Muller	9,375	5	5	5	2,50	10	5	0	41,875	4.950,00	4.950,00	1.763,79 €
G15103112	CCOO Unión Comarcal de Vigo	XX Encontro Sindical da Muller	9,375	5	5	5	2,50	10	5	0	41,875	4.950,00	4.950,00	1.763,79 €
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Todas xuntas contra a violencia machista. Se és muller, podes ser vítima	11,250	10	2,5	5	0,00	10	5	0	43,750	3.970,00	3.970,00	1.842,00 €
G36648640	AVC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller mantemento físico	9,375	0	2,5	1	0,00	10	0	0	22,875	6.000,00	3.000,00	971,30 €
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Plantas no fogar	13,125	0	2,5	1	0,00	10	0	0	26,625	2.377,20	2.177,20	1.127,72 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Curso de pintura	13,125	2	2,5	1	0,00	10	0	0	28,625	800,00	500,00	500,00 €
G36623593	AVV Monte da Mina de Castrelos	Restauración e recuperación do moble antigo	11,250	0	2,5	1	0,00	10	0	0	24,750	2.640,00	2.640,00	1.049,51 €
G36709004	AV Doutor Fleming	Ocuparse dos demais... Agora tócanos a nós	11,250	0	2,5	2	0,00	10	0	0	25,750	5.752,00	2.640,00	1.091,22 €
G36648988	AVCD San Xurxo de Saiáns Vigo	Curso de inglés para mulleres	9,375	0	2,5	1	0,00	10	0	0	22,875	2.212,00	1.912,00	971,30 €
G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divértete. Teñámonos en conta.	13,125	2	2,5	1	0,00	10	0	5	33,625	5.000,00	3.000,00	1.419,69 €
G36648608	AVV Emilio Crespo San Paio de Navia	A violencia de xénero. Pautas para entender, detectar, previr e abordar	11,250	6	2,5	4	0,00	6	0	0	29,750	3.300,00	3.300,00	1.258,06 €
G36631703	SVCD Nautilius San Andrés de Comesaña	Curso de pintura	13,125	1	2,5	1	0,00	6	0	0	23,625	1.620,00	1.620,00	1.002,59 €
G36648293	A VV do Calvario	Curso Informática-Internet	13,125	0	2,5	1	0,00	10	0	0	26,625	2.500,00	1.500,00	1.127,72 €
G36633428	SCRD Helios	Xmnasia de mantemento	9,375	2	2,5	1	0,00	10	0	0	24,875	1.692,85	1.692,85	1.054,72 €
V36658680	CRC de Cabral	Mulleres protagonistas. Historia, arte, cine, cultura... Actívatelo a través do coñecemento	13,125	6	2,5	2	0,00	10	0	0	33,625	1.850,00	1.850,00	1.419,69 €
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico. Pilates	9,375	0	2,5	1	0,00	6	0	0	18,875	2.800,00	2.800,00	804,46 €
G36648186	Asoc. VV Camiño Vello de Coia	Búsqueda activa de emprego a través de internet	11,250	1	2,5	1	0,00	10	0	0	25,750	1.500,00	1.500,00	1.091,22 €
G36622793	Asoc. VV Cristo da Victoria	Búsqueda activa de emprego a través de internet	11,250	1	2,5	1	0,00	4	0	0	19,750	1.500,00	1.500,00	840,96 €
V36655017	A VV Fonte do Galo	Controla o teu peso equilibrando as túas emocións	13,125	0	2,5	1	0,00	6	0	0	22,625	1.800,00	1.600,00	960,88 €
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Mulleres protagonistas. Historia, arte, cine, cultura... Actívatelo a través do coñecemento	13,125	6	2,5	2	0,00	4	0	0	27,625	1.850,00	1.850,00	1.169,43 €

A VV de Sárdoma O Carballo	Mulleres protagonistas. Historia, arte, cine, cultura... Actívale a través do coñecemento	13,125	6	2,5	2	0,00	10	0	0	33,625	1.850,00	1.850,00	1.419,69 €
Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Mulleres protagonistas. Historia, arte, cine, cultura... Actívale a través do coñecemento	13,125	6	2,5	2	0,00	6	0	0	29,625	1.850,00	1.850,00	1.252,85 €
A VV Praza da Miñoica	Artesanía creativa Patchwork	13,125	0	2,5	1	0,00	6	0	0	22,625	1.650,00	1.300,00	960,88 €
A VV Feira Cabral	Mulleres protagonistas. Historia, arte, cine, cultura... Actívale a través do coñecemento	13,125	6	2,5	2	0,00	2	0	0	25,625	1.850,00	1.850,00	1.086,01 €
A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	13,125	0	2,5	1	0,00	4	0	0	20,625	1.800,00	1.800,00	877,46 €
A VV Val do Fragoso	Controla o teu peso equilibrando as túas emocións	13,125	0	2,5	1	0,00	10	0	0	26,625	1.800,00	1.800,00	1.127,72 €
AVCD de Sampaio	Restauración e recuperación do moble antigo	11,250	0	2,5	1	0,00	2	0	0	16,750	2.400,00	2.400,00	715,83 €
AVCD Lavadores	Restauración e recuperación do moble antigo	11,250	0	2,5	1	0,00	10	0	5	29,750	2.500,00	2.400,00	1.258,06 €
A VV O Freixo	Restauración e recuperación do moble antigo	11,250	0	2,5	1	0	10	0	0	24,750	2.400,00	2.400,00	1.049,51 €
A Veciñal Novo Vigo	Escola de empoderamento	9,375	2	2,5	1	0	2	0	0	16,875	2.440,00	1.830,00	721,04 €
Federación de Peñas Recreativa El Ollno	Técnicas para a saúde	11,250	0	2,5	1	0	2	0	0	16,750	1.750,00	1.500,00	715,83 €
Asoc. De Persoas Xordas de Vigo	IX Edición: O empoderamento das mulleres sordas	11,250	8	2,5	3	0	6	0	0	30,750	1.464,00	1.464,00	1.299,77 €
Asoc. Axuda ó Toxicómano Érguete	Convivencia e respecto no colectivo das drogodependencias	11,250	6	2,5	4	0	10	0	0	33,750	2.400,00	2.200,00	1.424,90 €
Fundación Érguete-Integración	Curso de operadora de telemarketing	13,125	7	2,5	2	0	4	0	0	28,625	3.500,00	3.500,00	1.211,14 €
Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller 2015: Educación para a saúde	13,125	4	2,5	2	0	10	0	0	31,625	6.448,60	3.000,00	1.336,27 €
Casa de Andalucía en Vigo	A vida cotiá é cousa de dous	11,250	6	2,5	3	0	10	0	0	32,750	2.500,00	2.350,00	1.383,19 €
Asoc. Nós Mesmas	Semana cultural Orgullo LGTBI Vigo 2015	11,250	4	5	5	2,5	4	0	5	36,750	4.669,00	2.796,00	1.550,03 €
Asoc. Española contra o Cancro	Actuación complementarias Vitalia e Prevención	9,375	4	2,5	2	0	4	0	0	21,875	4.250,00	1.500,00	929,59 €
Asoc. Faraxa pola abolición da prostitución	Potenciación da Asociación Faraxa na cidade de Vigo	9,375	2	7,5	3	0	4	0	0	25,875	2.650,00	2.500,00	1.096,43 €
Radio Eccla Fundación	TEMPO 4ª Edición	11,250	4	2,5	3	0	2	0	0	22,750	3.000,00	3.000,00	966,09 €
Plan Comunitario de Teis	Programa integral de alfabetización para mulleres de orixe estranxeira	13,125	6	2,5	3	0	4	0	0	28,625	3.820,00	3.820,00	1.211,14 €
Asoc. Gallega de Amigos del Rocio	Mellorar as capacidades psíquicas e motrices das asistentes	9,375	0	2,5	1	0	10	0	0	22,875	1.820,46	1.400,00	971,30 €
FORMEGA	Proxecto Navia II	11,250	4	5	3	0	2	0	5	30,250	6.760,93	6.760,93	1.278,91 €
Asociación Diversidades	Am drepturi	9,375	4	2,5	2	0	0	0	0	17,875	3.080,00	3.000,00	762,75 €
Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade	Educación afectivo-sexual... O sentir das persoas con discapacidade	13,125	8	2,5	5	0	0	0	0	28,625	6.659,00	6.659,00	1.211,14 €
Asociación Pro-Escola Semente Vigo	Formando comunidade	13,125	4	2,5	2	0	0	0	5	26,625	1.974,00	1.674,00	1.127,72 €
Asoc. Jovens empresarios Vigo	Emprender en Igualdad	11,250	4	2,5	4	0	6	0	0	27,750	5.837,35	5.837,35	1.174,64 €
Asociación Viguesa de Alcoholoxía-ASVIDAL	Constrúe	7,500	0	0	1	0	10	0	0	18,500	1.415,04	1.415,04	788,82 €
	TOTAL									1534,375			64.000,00 €

4(1218).- SOLICITUDE DE AXUDA Á XUNTA DE GALICIA, NO MARCO DA CONVOCATORIA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS CON CARGO AOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA. EXPTE. 11424/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 26.10.15, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Orde do 23 de setembro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 29/09/2015) establece as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo ós orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e se convocan para os exercicios orzamentarios dos anos 2015 e 2016.

A Concelleira da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou orde de inicio de data 22/10/2015,

de procedemento administrativo tendente a solicitar unha axuda para o desenvolvemento de actividades medioambientais no marco de dita convocatoria.

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención: Axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia entre os que figura o Concello de Vigo (artigo 1.).

Proxectos subvencionables: no que á Área de Medio Ambiente interese compre indicar:

- Artigo 2.1.b) Iniciativas públicas ou privadas destinadas á conservación ou restauración do patrimonio natural, sempre que presente un manifesto valor ecolóxico.
- Artigo 2.1.h) Iniciativas públicas ou privadas orientadas á divulgación e formación entre a poboación local dos valores e importancia do parque nacional, coa conservación dos valores naturais e culturais que xustificaron a súa declaración ou co uso sustentable dos recursos naturais.

Porcentaxes financiáveis:

- Ata o 80% do investimento subvencionable (non inclúe IVE), ata un importe máximo de axuda de 12.000 euros no caso do concello.

Beneficiarios: Entre outros, os concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Nacional como é o caso do de Vigo.

Prazo Presentación: Ata 29 de outubro de 2015.

Forma de presentación: Unicamente por medios electrónicos no caso do Concello

Documentación esixible: Solicitude conforme anexo 1 da Orde, memoria da actividade, acordo do órgano competente e documentación acreditativa da representación.

Calendario de actividades: anos 2015, a partir da publicación da Orde no DOP 29/09/2015, e ano 2016.

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada no artigo 18 da Orde. Un único pagamento por anualidade.

III.- Memoria actividade obxecto de subvención:

Atendendo a orde de inicio da Concelleira Delegada de Área o servizo municipal de Medio Ambiente, realiza unha memoria descritiva da actividade para as que se solicita a subvención.

A memoria recolle fundamentalmente a seguinte actividade:

– Desenvolver actividade de voluntariado medioambiental para a realización de tarefas de conservación ou restauración do patrimonio natural no Parque Nacional e no entorno urbano en Vigo.

As accións desenvolveríanse en outubro e novembro de 2015 cun máximo de 115 participantes; Marzo de 2016 -semana santa- cun máximo de 100 participantes; xullo, agosto e setembro de 2016 cun máximo de 306 participantes..

– Realizar un programa de visitas divulgativas de cidadáns e cidadás residentes en Vigo ás Illas Atlánticas de Galicia para dar a coñecer os valores e importancia do parque nacional.

As accións desenvolveríanse en abril e maio de 2016 para un máximo de 1.000 participantes.

Estas accións son semellantes ás desenvolvidas nos últimos entre o Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente e o Parque Nacional e que se veñen executando dentro do programa municipal camiño a camiño.

O orzamento da actividade a desenvolver, por anualidades, estímase en:

Ano 2015 2.964,50 euros (IVE 21% engadido)

Ano 2016 21.719,50 euros (IVE 21% engadido)

atendendo a prezos de mercado e custe desta actividade nos últimos que veu desenvolvemento a área de Medio Ambiente.

IV.- Financiamento das actividades

A actividade proposta podería ser subceptible dunha achega pola CMATI máxima do 80% do investimento subvencionable -exclúese o IVE- ata un importe de 12.000 euros no caso dos Concellos.

Polo que respecta ós gastos para a Administración municipal cómpre sinalar o seguinte:

- A actividade correspondente a este ano 2015, accións formativa e de voluntariado urbano, están sendo executadas pola Administración municipal no marco do contrato menor autorizado pola concelleira da área de Medio Ambiente de data 14/08/2014 -expte. 11305/306- e debidamente fiscalizado pola Intervención xeral RC 2794/2015, polo que non xeraría ningún outro gasto para o Concello de Vigo.

- A actividade correspondente ao ano 2016. Véñense desenvolvendo nos últimos anos na súa totalidade con cargo á partida 1721.227.99.08 programa Camiño Camiño (no ano 2015 expte.10905/306, RC 1354/2015) e o que se pretende e obte-la subvención para a súa realización co menores conste para o Concello. Outorgada a subvención poderá xerarse crédito polo importe que se determine de acordo coas previsións da execución do orzamento de 2016 e destinando os recursos económicos de dita partida a outras actividades do referido programa.

V.- *Fundamento xurídicos:*

1.- O servizo de de Medio Ambiente, dentro do programa Camiño a Camiño, ben desenvolvemento diversas actividades medioambientais que se encadrarían no marco desta convocatoria, como actividades de voluntariado ambiental nas Illas Cíes, cursos de formación de voluntario medioambiental, charlas divulgativas sobre os valores das Illas Cíes, visitas guiadas e acampadas para dar a coñecer os valores e importancia do parque nacional.

2.- As ditas actividades encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015 competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

A protección do medio ambiente exerceuse non só a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste marco de actuación, a concellería de Medio Ambiente considera de interese as actividades subvencionables tendentes, fundamentalmente, a conservación e restauración do patrimonio natural e divulgación de valores medioambientais e da biodiversidade do parque nacional na procura de sensibilizar á cidadanía en canto á protección do medio ambiente.

A maior abundamento, trátase de actividades que xa ven desenvolvendo o Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente nos últimos anos.

Polo tanto, xustifícase o interese público municipal nas actividades subvencionables.

3.- A competencia para efectuar a solicitude está atribuída o alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 2. da resolución de delegación de competencias do alcalde na xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOP, 14/07/2015),

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción so seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar á Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a axuda no marco da convocatoria da "Orde do 23 de setembro de 2015, da dita Consellería (DOG 29/09/2015) pola que se establece as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo ós orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e se convocan para os exercicios orzamentarios dos anos 2015 e 2016", conforme á memoria descritiva da actividade para a que se solicita a subvención: actividade de voluntariado para a conservación, restauración do patrimonio natural e divulgación e formación da poboación local sobre os valores do parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas, redactada polo Servizo de Medio Ambiente en data do 22 de outubro de 2015 e obrante no expediente 11424/306, sendo o importe total da actividade de 24.684,00 euros e o da subvención ata o 80% do investimento subvencionable -importe total menos o IVE- cun importe máximo de axuda de 12.000 euros.

SEGUNDO .- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, María Jesús Lago Rey, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de data 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), asinará os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás oito horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez